

## SAMAÍN 2024

O termo Samaín é unha palabra celta que significa fin do verán e principio do inverno. Celébrase xusto no remate da tempada de colleita e o comezo do inverno ou "metade escura" do ano. A tradición do Samaín provén dos nosos antepasados Celtas, fai máis de 2000 anos. Eles celebrábana para rematar o verán e iniciar o inverno, así como para conmemorar e agradecer a recollida da colleita.

O Samaín era considerado, ao mesmo tempo, como unha época na que se producía unha aproximación entre o mundo dos vivos e o mundo do máis alá, polo que se pensaba que os 'espíritos' ou 'fadas' podían chegar máis facilmente ó noso mundo.

A vindeira semana, o xoves 24, comezaremos coas actividades de celebración do Samaín, que se estenderan ata o mércores 30 de outubro.

Este curso a temática das actividades de celebración do centro será a tradición oral galega e estará moi presente nas actividades do Samaín, que serán:

**Decoración de pandeiretas e/ou mandís terroríficos:** realizaremos a actividade de decoración e adorno de pandeiretas e/ou mandís. A actividade consistirá na decoración de pandeiretas e/ou mandís con motivos terroríficos. Adornaranse preferentemente con elementos propios do outono (follas de árbores, castañas, ourizos, carozos e follas do millo,...) e/ou con materiais de refugallo, tentando reforzar a conciencia medioambiental e o aproveitamento de materiais sen custo, procedentes da propia natureza ou que xa tiveran outros usos anteriores. Coas pandeiretas e mandís realizarase unha mostra no centro e o mércores 30 poderán ser recollidos para ser utilizados como parte do disfrace do Samaín.

**Recompilación de lendas, contos, cantigas, refráns, adiviñas,...., relacionadas co Samaín:** a actividade consistirá na recompilación por parte do alumnado, a través das súas familias, de lendas, contos, cantigas, refráns, adiviñas,...., relacionados coa tradición oral galega e o Samaín.

**Disfraces terroríficos:** dende o centro ánimoase a que o alumnado que o desexe se disfrace con motivos terroríficos o mércores día 30 de outubro, tendo como referencia a temática do Samaín e a súa tradición. Tal como se indicou anteriormente poderanse utilizar as pandeiretas e/ou mandís como disfrace.

***\*Solicitamos a colaboración das familias na realización das tarefas propostas.***